

Vacina antipneumocócica polisacárida (VPnP)

No ano 2000 introduciuse a vacina antipneumocócica polisacárida 23 valente (VPnP) para as persoas de 65 ou máis anos de idade, xa incluída con anterioridade en grupos de risco. No ano 1999 xa se introducira para as persoas institucionalizadas en residencias da terceira idade. Desde entón esta vacina seguiu recomendándose en todas as persoas de 65 anos e nas maiores desta idade se non foron vacinadas previamente. Neste ano 2017, coa introdución da vacinación antipneumocócica conxugada trecevalente nos adultos de 65 anos, a vacina polisacárida pasa a administrarse en persoas de 66 anos.

Indicacións e recomendacións

- Persoas de 66 anos de idade: a vacinación está indicada en todas as **persoas de 66 anos ou nas maiores desta idade non vacinadas** con anterioridade.

Outras indicacións

- Persoas inmunocompetentes con patoloxías crónicas:
 - Patoloxía cardiovascular crónica.
 - Enfermidade respiratoria crónica e enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización das secrecións respiratorias ou aumenten o risco de aspiración.
 - Diabetes mellitus.
 - Enfermidade hepática crónica.
 - Portadores de fístulas de líquido cefalorraquídeo.
 - Portadores de implante coclear.
 - Persoas con asplenia anatómica ou funcional e disfunción esplénica.
 - Antecedente de enfermidade invasiva confirmada (PCR ou cultivo) causada por *Streptococcus pneumoniae*.
- Persoas inmunocomprometidas:
 - Persoas con inmunodeficiencia de células T ou B, déficits de complemento e trastornos da fagocitose.
 - Persoas con leucemia, enfermidade de Hodgkin, linfoma, mieloma múltiple ou outras neoplasias xeneralizadas.
 - Infección por VIH.
 - Persoas con insuficiencia renal crónica ou síndrome nefrótica.

- Receptores de transplantes de órganos ou medula ósea.
- Persoas que están a recibir terapia inmunosupresora, incluíndo os corticoesteroides sistémicos de longa duración e radioterapia.

Pauta

A vacina conxugada (VPnC13) administrárase en primeiro lugar seguida ao ano da vacina de polisacáridos (VPnP) sempre e cando estea recomendada e non fose vacinado con anterioridade. (Revisar pautas en VPnC13).

VPnP23: Administrárase unha única dose de 0,5 ml, que contén 25 µg de cada antíxeno de polisacárido capsular.

Revacunación:

- As persoas de menos de 65 anos de idade con asplenia anatómica ou funcional e persoas inmunocomprometidas deberán recibir unha segunda dose aos 5 anos da primeira.
- As persoas pertencentes aos restantes grupos de risco e de 65 ou máis anos de idade só deberán recibir unha segunda dose no caso de teren sido vacinadas polo menos 5 anos antes e sempre e cando a primeira dose a recibisen cunha idade inferior aos 65 anos (ver nota informativa vacinación antipneumocócica).

Tipos de vacinas

Nome comercial e compañía	Composición e produción	Idades de utilización
PNEUMOVAX 23® MSD	Polisacárido capsular purificado de 23 serotipos do <i>Streptococcus pneumoniae</i> : 1, 2, 3, 4, 5, 6B, 7F, 8, 9N, 9V, 10A, 11A, 12F, 14, 15B, 17F, 18C, 19A, 19F, 20, 22F, 23F, 33F: 25 microgramos de cada un	Maiores de 2 anos

Contraindicacións

- Alerxia a algún compoñente da vacina ou reacción severa a unha dose previa.

Precaucións

- Enfermidade aguda moderada ou severa: pospoñer a vacinación.